


**Comercio exterior e intracomunitario. Ano 2001  
COMUNICADO**

**NO 2001 INCREMENTOUSE O INTERCAMBIO DE MERCANCÍAS ENTRE GALICIA E A UE E CON TERCEIROS PAÍSES**

No 2001 Galicia incrementou, con respecto ó ano anterior, as súas exportacións/expedicións e as importacións/introduccións.

No ano 2001 Galicia exportou/expediu mercancías por un valor de 9.281.399 miles de euros o que supón un aumento con respecto ó ano 2000 dun 11%. Neste mesmo ano Galicia importou/introduciu mercancías por un valor de 9.419.879 miles de euros, o que supón un crecemento con respecto ó ano 2000 de algo máis do 5%. Estes incrementos manteñen a tendencia crecente que presentan tanto a serie de exportacións/expedicións coma a de importacións/introduccións; estes crecementos desiguais de exportacións/expedicións e importacións/introduccións fan que o saldo vaia diminuindo en termos absolutos con respecto a outros anos.



**O 50% do valor das exportacións/expedicións correspóndense cos vehículos automóbiles.**

Das exportacións/expedicións que se realizan dende Galicia, practicamente o 50% do seu valor correspóndense cos produtos comprendidos no capítulo 87 (vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios) seguido, aínda que de lonxe, polos produtos do capítulo 03 (peixes e crustáceos, moluscos e outros

invertebrados) con case un 8% e do capítulo 62 (roupa e complementos de vestir, agás os de punto) con case un 5%.

**As partes e accesorios dos vehículos automóbiles son os produtos máis importados/introducidos.**

Ó igual que ocorre co valor das exportacións/expedicións os produtos máis importados son os do capítulo 87, aínda que non teñen unha porcentaxe tan alta coma no anterior fluxo. Así o capítulo onde se inclúen ós vehículos automóbiles, tractores, ciclos, e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios abranguen un 32% do valor das importacións/introduccións. O capítulo 03 de peixes, crustáceos, moluscos,... corresponde cun 14% do valor das introduccións/importacións e os produtos do capítulo 27 (Combustibles minerais, aceites minerais e produtos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais) conforman o 12%.

**A UE principal destino e orixe das mercancías galegas.**

En canto ó destino das exportacións/expedicións realizadas en Galicia, máis do 80 % queda dentro da UE sendo, nesta orde, Francia, Portugal e Reino Unido os países cun maior volume de expedicións. Ó igual que o caso das exportacións/expedicións, a maioría das mercancías introducidas en Galicia proveñen da UE cun 62,6% do valor das importacións/introduccións, sendo tamén os países de Francia, Portugal e Reino Unido os que maior volume teñen de introduccións en Galicia.

**Pontevedra, a provincia máis exportadora e importadora.**

A distribución provincial das exportacións/expedicións sitúa á provincia de Pontevedra con algo máis do 70 % do valor deste fluxo en Galicia, seguida da provincia de A Coruña cun 22 %, da provincia de Ourense cun 4% e de Lugo cun 3%. A distribución provincial das importacións/introduccións pon de novo en primeiro lugar á provincia de Pontevedra, con algo máis do 58 % do valor deste fluxo en Galicia, seguida da provincia de A Coruña cun 35 % e das provincias de Ourense e Lugo con porcentaxes inferiores ó 4%.

Para máis información:

---

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)